

Martes, 28 de febreiro de 2023

Núm. 41

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LALÍN

Subvencións e axudas

*BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A ENTIDADES SEN
ÁNIMO DE LUCRO PARA REALIZAR ACTUACIONES NO ÁMBITO DE SERVICIOS SOCIAIS.
EXERCICIO 2023*

ANUNCIO DO CONCELLO DE LALÍN

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA REALIZAR ACTUACIONES NO ÁMBITO DE SERVICIOS SOCIAIS. EXERCICIO 2023

O Concello de Lalín convoca a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para realizar actuacións no ámbito dos servizos sociais de acordo coas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 14 de febreiro de 2023:

O municipio, de acordo ao artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local considera que non se entenderá como exercicio de novas competencias, entre outras, a continuidade na prestación de servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións.

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013: continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicables como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónomas das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais: continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso pola normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela.



É precisamente dentro deste marco normativo e temporal non que insire esta iniciativa específica de subvencións a entidades e asociacións de carácter social e sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais.

No eido da normativa sectorial, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia atribúelle ás corporacións locais competencias en materia de servizos sociais, entre as que se inclúen as referidas á colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social e á promoción de mecanismos de coordinación das súas actuacións, evitando duplicidades e infrautilización dos equipamentos sociais, así como o fomento e a promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.

De acordo con esta mesma norma, os poderes públicos están obrigados a fomentar no ámbito dos servizos sociais o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei.

Precisamente coa finalidade de fomentar a actividade das asociacións e entidades no ámbito dos servizos sociais municipais e coadxuvar subsidiariamente ao seu financiamento, o Concello de Lalín, a través da concellería con competencias en servizos sociais leva a cabo unha convocatoria anual de subvencións para entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para que actúen en este ámbito.

Tendo en conta o exposto anteriormente e ao amparo da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais en Galicia, o Concello de Lalín convoca unha liña de subvencións destinadas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito dos servizos sociais de acordo coas seguintes

BASES

1.- FINALIDADE E OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

1.1.- É obxecto das presentes bases a regulación da concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas económicas a entidades e asociacións sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área de servizos sociais no Concello de Lalín, no ano 2023, dentro dos niveis de actuación que se establecen na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia cumprindo os requisitos indicados nas presentes bases.

1.2.-O procedemento de concesión das subvencións establécese de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración



Local; no Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, así coma na Bases 32 a 35 de Execución do Orzamento do Concello para o exercicio 2023 e na Liña 3 do Plan Estratéxico de Subvencións aprobado pola Xunta de Goberno Local de 17 de xaneiro de 2023 e respectando o establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

1.3. – No orzamento municipal para o exercicio 2023 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para realizar actuacións no ámbito dos servizos sociais polo seguinte importe e con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

<i>Aplicación Orzamentaria</i>	<i>Importe</i>
0.231.489.26	30.000 €

2.- ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES.

Serán subvencionables aqueles proxectos, programas e actividades de entidades sen ánimo de lucro que se desenvolvan no ámbito territorial do Concello de Lalín e que teñan como beneficiarios/as directos aos seguintes colectivos:

- 1.- Familia e Infancia.
- 2.- Persoas con discapacidade e/ou dependencia.
- 3.- Persoas maiores.
- 4.- Drogadiccións e outros trastornos aditivos.
- 5.- Persoas en risco de exclusión social.

3.- ENTIDADES BENEFICIARIAS.

3.1-Terán a consideración de beneficiarias da subvención as entidades sen ánimo de lucro destinatarias dos fondos públicos que deben realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atopen na situación que lexitime a súa concesión.

3.2 – Poderán solicitar as subvencións as entidades sen ánimo de lucro, legalmente constituídas, sempre que cumpran os seguintes requisitos na data de finalización de presentación de solicitudes:

a) Ter o seu domicilio fiscal, sede, delegación ou oficina no Concello de Lalín e acreditar que as actividades obxecto de subvención se realizarán no ámbito territorial municipal. Con carácter excepcional tamén poderán incluírse aquelas entidades foráneas que pretendan executar dentro de este termo municipal un proxecto para o desenvolvemento das accións e actividades que



Martes, 28 de febreiro de 2023

Núm. 41

figuren nestas bases, debendo cumprir co resto de requisitos que se esixen. Deberán achegar ademais unha memoria detallada da entidade e das actividades que desenvolveron en anteriores exercicios no Concello de Lalín.

b) Carecer de fins de lucro.

c) Desenvolver as súas actividades no termo municipal do Concello de Lalín.

d) Acreditar que os seus fins e actividades coinciden coas actividades subvencionables da base segunda da convocatoria e co contido do proxecto presentado.

e) Estar rexistradas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia (Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia). As entidades que non estean rexistradas deberán presentar a solicitude de rexistro antes de presentar a solicitude de subvención. No momento de entregar a xustificación deberán presentar a acreditación do rexistro efectivo.

f) Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e manter actualizados os seus datos. As entidades que non estean rexistradas deberán presentar a solicitude de rexistro antes de presentar a solicitude de subvención. No momento de presentar a xustificación deberán estar debidamente inscritas.

g) Non ter pendentes de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Lalín.

h) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias (AEAT e ATRIGA), coa Seguridade Social e co Concello de Lalín tanto no momento da solicitude como na xustificación o que se acreditará mediante a presentación das certificacións correspondentes.

3.3 – En calquera caso, non poderán ter a condición de entidade beneficiaria aquelas entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia que se transcribe a continuación:

2. Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas na presente lei as persoas ou entidades nas que concorra algunha das circunstancias seguintes, salvo que pola natureza da subvención se exceptúe pola súa normativa reguladora:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, estar declarados en concurso, salvo que en este adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa administración.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: HWVEWJ38EFHGTT



d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non encontrarse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen. f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non encontrarse ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.

h) Ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a presente lei ou a Lei xeral tributaria. Non poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións previstas no segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 8 da presente lei cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

3.4 – Non ser beneficiario/a de subvención nominativa por parte do Concello de Lalín.

4.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

4.1.- De acordo co artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido polas bases de subvencións. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

En todo caso só serán subvencionables aqueles gastos aos que se faga referencia no orzamento presentado na solicitude de subvención e, en todo caso, exclusivamente polos seguintes conceptos:

- Gastos de persoal e seguros sociais.
- Gastos de profesionais externos/as ás propias entidades así como os importes da declaración e liquidación de retención e ingresos a conta sobre os rendementos de traballo e actividades económicas.
- Gastos de formación, cursos, obradoiros,..... prestados por empresas, profesionais,.... alleos/as á entidade beneficiaria.
- Gastos de desprazamento e transporte. No caso de que a entidade beneficiaria dispoña de vehículo para efectuar desprazamentos só será subvencionable o combustible.
- Gastos de aloxamento e manutención só cando garden relación directa coa actividade e sexan necesarios para esta.
- Recibos de pólizas de seguro de responsabilidade civil e de accidentes só no caso no que se especifique que a/s actividade/s que se aseguran son aquelas que se subvencionan sempre que se refiran ao período subvencionable (data da póliza e xustificante de pagamento do importe). NON son válidas as pólizas de seguro xenéricas da propia entidade.



- Gastos de alugueiro do local/locais nos que se preste o servizo ou actividade.
- Gastos correntes do local/locais, nos que se realice a actividade ou se preste o servizo subvencionado/a, tales como electricidade, auga, telefonía fixa ou móbil sempre que a titularidade do/s contrato/s sexa a entidade beneficiaria. No caso de que no/s mesmo/s local/locais se realicen outro tipo de actividades ou se destinen á prestación de outro/s servizo/s financiarase a parte proporcional, en función do espazo ocupado (m2), dos gastos que se correspondan directa e exclusivamente co programa subvencionado.
- Compra de produtos alimenticios e refrixerios, produtos de limpeza, produtos de hixiene así como outros elementos funxibles tales como servilletas, papel de cociña, panos, vasos,..... ata un máximo do 40% da subvención concedida.
- Adquisición de material funxible de papelería e de oficina en xeral ata un máximo do 20% da subvención concedida.
- Adquisición de material funxible de informática ata un máximo do 20% da subvención concedida.
- Adquisición de medicamento/s na porcentaxe na que non estean cubertos polo sistema público de saúde. En caso de que teña que ser aboado o importe íntegro do/s medicamento/s deberá de xustificar o/s motivo/s polo/s que non está cuberto/s polo sistema público de saúde.
- Gastos de reprografía, imprenta e publicidade.
- Gastos sanitarios e ópticos sempre que non estean cubertos polo sistema público de saúde.
- Gastos de farmacia ou parafarmacia sempre que non estean cubertos polo sistema público de saúde, principalmente, os relacionados coa COVID 19 (guantes, mascarillas, xel hidroalcohólico, desinfectantes,.....)
- Gastos de asistencia pola participación, das persoas beneficiarias directas do programa/proxecto, en actividades fóra das instalacións ordinarias nas que se desenvolve dito programa.

Serán subvencionables aqueles gastos nos que incorra a entidade beneficiaria no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2023.

4.2. En ningún caso serán subvencionables:

- Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- Gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- Amortización de bens inventariables.
- Saldos debedores das contas bancarias.
- Impostos, recargas e sancións administrativas e penais.
- Gastos de procedementos xudiciais.
- Gastos notariais e rexistrais.



- Gastos de asesoría xurídica ou financeira.
- Gastos de degustación gastronómica de calquera tipo. Terá esta consideración a organización de comidas, cátering ou ceas.
- Bebidas alcohólicas, bebidas carbonatadas así como aqueles produtos alimenticios que non fomenten hábitos de vida saudables.
- Gastos de atencións protocolarias (festas, recepcións, agasallos, flores,...) .
- As dietas xenéricas nas que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto da subvención .

5.- NORMAS DE OUTORGAMENTO.

As axudas outorgaranse baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrência competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación. Terán carácter voluntario e eventual e non serán invocables como precedente.

6.- RÉXIME DE COMPATIBILIDADES.

Estas subvencións son compatibles con outras subvencións ou axudas procedentes doutras administracións ou entes públicos nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Lalín a solicitude e obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividade. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da/s subvención/s en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrência con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo total do programa, proxecto ou actividade subvencionada.

Non poderán ser obxecto da axuda na presente convocatoria as actividades subvencionadas ou financiadas no mesmo exercicio a través de outras convocatorias ou convenios asinados co Concello de Lalín.

7.- PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

7.1. As presentes bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e con posterioridade remitiráselle a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións, que será a que lle dea traslado ao BOPPO do seu extracto.

7.2. O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

7.3. En cumprimento da obriga establecida no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar estas solicitudes de subvención



Martes, 28 de febreiro de 2023

Núm. 41

xunto coa documentación complementaria, a través da sede electrónica do Concello de Lalín, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos.

De achegarse presencialmente a solicitude ou documentación complementaria, requirirase a súa subsanación mediante a presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se tivese realizado a subsanación.

8.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN.

As solicitudes e demais documentación presentaranse de xeito obrigatorio nos modelos normalizados establecidos a tal efecto. Ditos modelos facilitarase na Concellería de Política Social, no taboleiro de anuncios do Concello de Lalín e na páxina web www.lalin.gal.

NON se admitirán aquelas solicitudes que non sexan presentadas nos modelos normalizados, sen prexuízo da correspondente notificación ás entidades solicitantes para a perceptiva subsanación de erros ou defectos.

A presentación de solicitudes de subvención ao abeiro das presentes bases implicará a aceptación do contido íntegro das mesmas.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación: (só en caso de que non obre en poder do Concello de Lalín ou a mesma non estea actualizada)

1.- Documentación relativa á entidade e ao seu representante:

- a) Fotocopia cotexada do NIF/NIE da persoa que actúa como representante
- b) Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal (CIF)
- c) Fotocopia cotexada dos estatutos da entidade
- d) Fotocopia cotexada da acta de constitución cos cargos da actual xunta directiva
- e) Fotocopia cotexada da inscrición ou solicitude de inscrición no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia.
- f) Orzamento xeral de ingresos e gastos da asociación/entidade.
- g) Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante.
- h) Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias a que se refire o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (anexo II) e que imposibilita obter a condición de beneficiario/a de subvención.
- i) Certificados de atoparse ao corrente das obrigas tributarias (AEAT e ATRIGA) e fronte á Seguridade Social. Así mesmo comprobarase de oficio a ausencia de débedas da entidade solicitante co Concello de Lalín.



Martes, 28 de febreiro de 2023

Núm. 41

2.- Documentación relativa ás actividades, programas, proxectos para os que solicita subvención:

a) Modelo de Solicitud (anexo I)

b) Memoria Explicativa da actividade e/ou programa a desenvolver (anexo III) e documentación que permita a valoración dos criterios recollidos na Base 10.

c) Orzamento detallado de ingresos e gastos subvencionables da actividade e/ou programa a desenvolver con expresión do financiamento previsto e a contía do importe que solicita ao Concello en concepto de subvención. O orzamento de gastos só poderá facer referencia aos gastos subvencionables recollidos na base 4ª. (anexo IV)

d) Declaración na que se indique a/s subvención/s solicitada/s, concedida/s ou recibida/s para o mesmo fin ou actividade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado (anexo V)

e) Declaración de manter actualizados os datos no Rexistro Municipal de Asociacións (anexo II)

Así mesmo poderase solicitar calquera outra documentación requirida por técnicos/as municipais para poder tramitar e valorar as solicitudes de axudas.

A documentación que se entregue para participar no procedemento deberá ser orixinal ou copia cotexada.

De acordo co artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas no caso de que se produza calquera defecto, erro ou ausencia da documentación que debe acompañar á solicitude notificaráselle á entidade solicitante para que no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días contados dende o seguinte á notificación do requirimento proceda á súa subsanación.

De acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015 transcorrido o dito prazo sen que a solicitude fose emendada a mesma considerárase desistida previa resolución do Concello de Lalín.

9.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES.

A instrución do procedemento corresponderalle a un/unha técnico/a do Concello, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, comprendendo as actividades descritas no artigo 24 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

No expediente de concesión das subvencións deberá figurar o informe do órgano instructor no que conste que da información que obra en cada expediente individual se desprende que as entidades beneficiarias cumpren os requisitos esixidos.



Martes, 28 de febreiro de 2023

Núm. 41

Constituirase unha Comisión Avaliadora que estará composta por:

- Presidenta: Concelleira de Política Social ou persoa en quen delegue.
- Vogais: técnicos/as do Concello de Lalín.

A Comisión Avaliadora procederá ao exame e ao estudo das solicitudes de subvención presentadas, conforme aos criterios establecidos na Base 10ª, e elaborará unha acta na que se concrete o resultado de dita valoración.

A Comisión poderá solicitar, motivadamente, os informes que estime necesarios para resolver as peticións. O prazo de emisión do/s mesmo/s será de 10 días hábiles.

A Comisión Avaliadora terá competencia para a interpretación das bases no caso de que poida xurdir algunha incidencia ao respecto. A tal efecto, deberá deixar constancia daquelas interpretacións que, no seu caso, xurdan ou ben na acta ou ben en informe elaborado a tal efecto, correspondendo en última instancia ao órgano competente a aprobación das mesmas.

A Comisión, unha vez avaliadas as solicitudes, á vista da dispoñibilidade orzamentaria e de acordo cos criterios de valoración previstos na convocatoria, realizará un informe que deberá expresar:

- Relación de entidades solicitantes ás que se propón conceder a subvención con especificación da contía de subvención proposta para cada unha de elas.
- Especificación dos criterios seguidos, xunto coa súa valoración.
- No seu caso, causas da desestimación de solicitudes presentadas ou da denegación de axudas solicitadas.

O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora, elevará proposta de resolución ao órgano competente para resolver.

10.-CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES.

CRITERIO DE VALORACIÓN	PUNTUACIÓN
Coherencia dos obxectivos coa problemática presentada:	Máximo de 15 puntos
1) Proxecto no que se defina correctamente o ámbito de actuación, finalidade, obxectivos, persoas destinatarias, resultados agardados, recursos necesarios, plan de viabilidade, comunicación e publicidade, fases do proxecto, etc.....	de 11 a 15 puntos
2) Proxecto no que os obxectivos estean definidos de xeito máis xeral, analizando unha determinada problemática no ámbito ou colectivo para o que se solicita a subvención, sen determinar persoas beneficiarias e que conteñen aspectos importantes dos mesmos do cales se deduxa a súa plena execución.	de 7 a 10 puntos
3) Proxecto no que se definan obxectivos e fins dun xeito indicativo sen pormenorizar ningunha das actuacións que se pretenden levar a cabo.	de 1 a 6 puntos



Martes, 28 de febreiro de 2023

Núm. 41

CRITERIO DE VALORACIÓN	PUNTUACIÓN
Poboación diana do proxecto: familias con nenos/as en situación de pobreza e/ou risco de exclusión social, familias con nenos/as con trastornos ou enfermidades adaptativas e persoas con discapacidade.	Ata 5 puntos
Actividades que promovan a conciliación familiar en contornos difíciles: nais/pais solteiros/as, nais/pais con discapacidade, nais/pais de menores con enfermidades crónicas, respiro familiar, maiores// persoas con necesidades específicas,...	Ata 5 puntos
Profesionalización e organización da entidade prestadora do proxecto (SÓ se valorarán as contratacións no que a empresa sexa a propia entidade) Capacidade Organizativa da Entidade: número de socios/as, voluntarios/as, descrición de medios técnicos, xestión....	Ata 10 puntos
Integración dos proxectos presentados nos recursos municipais de inserción desenvolto na actualidade polo Concello de Lalín (tales como Desván Municipal, Campaña Ningún neno/a sen xoguete...)	Ata 15 puntos
Duración da actividade concreta (0,5 puntos por mes de execución da actividade)	Ata 6 puntos
Carácter innovador, orixinal e novidoso da actividade.	Ata 15 puntos
Capacidade de fomento do voluntariado.	Ata 5 puntos
Interese xeral do programa para a colectividade.	Ata 5 puntos
Promoción de hábitos de vida saudables, prevención de adicións, fomento de prácticas de consumo sostible e responsable así como o fomento da educación medioambiental.	Ata 10 puntos
Capacidade Xeradora de Emprego da Iniciativa.	Ata 5 puntos
Igualdade de Xénero na Directiva da Asociación.	4 puntos
Puntuación Máxima	100 puntos

SÓ se valorarán aqueles criterios que sexan debidamente xustificados segundo a memoria presentada para a realización da actividade ou programa para o que se solicita subvención.

A contía da subvención outorgada establecerase mediante o prorrateo entre as entidades beneficiarias do importe global máximo destinado, segundo a puntuación acadada de acordo coas valoracións anteriormente indicadas.

O importe da subvención poderá acadar ata un máximo do 80% do orzamento total de gasto presentado. A contía máxima da subvención por cada entidade solicitante será de 4.000€ respectando, en todo caso, o límite orzamentario da base 1.3.

11.-RESOLUCIÓN.

O órgano competente resolverá o expediente de concesión de subvencións, previo informe da intervención municipal.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de 6 meses, contados dende a data do acordo de aprobación das presentes bases. Sen prexuízo da obriga de resolver disposta nos artigos 21 e 22 da Lei 39/2015, de acordo co artigo 25,



transcorrido o prazo máximo sen terse notificado a resolución lexítima ás entidades interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

As notificacións levarase a cabo de acordo ao establecido no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, publicarase a concesión de estas axudas na Base de Datos Nacional de Subvencións. Así mesmo, o acordo de concesión será publicado no Taboleiro de Anuncios do Concello e na Sede Electrónica.

O Concello de Lalín notificará á Axencia Tributaria a relación de entidades beneficiarias das subvencións reguladas nas presentes bases e os importes concedidos.

As resolucións recaídas en este procedemento esgotan a vía administrativa, polo que de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa, contra elas poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso – Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, que comezará a contar desde o día seguinte ao da notificación, se for expresa; se non o for, o prazo será de seis meses e, para a entidade solicitante, contarase a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Malia o anterior, poderá interpoñerse potestativamente un recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo de un mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa notificación, se for expresa; se non o for, o prazo será de tres meses, que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

12.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.

As entidades beneficiarias disporán dun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención. Transcorrido dito prazo sen que se producise manifestación expresa a subvención entenderase tacitamente aceptada de acordo con artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003 e no artigo 11 da Lei 9/2007, as entidades beneficiarias das axudas concedidas ao abeiro destas bases quedan obrigados a:

- 1.—Realizar a actividade/proxecto que fundamentou a súa concesión.
- 2.—Destinar a subvención obtida á finalidade para a que foi concedida.
- 3.— Achegar a relación de participantes nas distintas actividades, na que figuren nome, apelidos e DNI/NIE (no caso de menores de idade, achegarse a autorización paterna/materna pertinente) de conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais



4.— Facilitar, en caso de ser solicitado polo Concello, o acceso de persoas alleas á asociación na participación da/s actividade/s subvencionada/s.

5.— Comunicar ao Concello a obtención de outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, no momento de realizar a xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

6.— Someterse ás actuacións de comprobación do Concello ou, no seu caso, do órgano de control competente, facilitando canta información sexa requirida ao respecto.

Acreditar, con anterioridade á proposta de resolución, que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

7.— As entidades beneficiarias deberán realizar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento recibido. A este respecto, as medidas de difusión consistirán, polo menos, na inclusión da imaxe institucional do Concello de Lalín en materiais, carteis, placas, medios audiovisuais ou electrónicos, medios impresos ou calquera outro medio de proba que permita constar a realidade da difusión.

Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades subvencionadas, facendo constar na totalidade da publicidade ou actividade informativa que se realice por calquera medio que conta coa subvención do Concello de Lalín.

8.— A presentación da programación das actuacións, así como a publicidade, a difusión, o soporte informático, as publicacións, etc., deberán figurar en idioma galego.

9.— Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención Xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

13.-XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

Con carácter xeral, o pagamento realizarase logo da xustificación da efectiva realización da actividade. Para elo, deberán cumprimentarse os modelos normalizados a tal efecto, e só se admitirán as xustificacións presentadas en ditos modelos, sen prexuízo da correspondente notificación ás entidades beneficiarias para a perceptiva subsanación de defectos ou corrección de erros.

Serán subvencionables aqueles gastos nos que incorra a entidade beneficiaria no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de outubro de 2023.

Todos os gastos subvencionables deberán de estar pagados con data límite 31 de outubro de 2023.

O prazo de presentación da xustificación rematará o día 31 de outubro de 2023.



Este prazo poderá ser ampliado polo órgano competente para resolver de acordo ao artigo 70 do Real Decreto 887/2006 en concordancia co artigo 23 da Lei 39/2015.

Exclusivamente aquelas entidades beneficiarias que incorran en gasto de persoal correspondente a outubro de 2023 disporán ata o 30 de novembro de 2023 para o pagamento dos seguros sociais correspondentes a dita mensualidade. O prazo para presentar, unicamente, esta documentación xustificativa será ata o 5 de decembro de 2023.

Só serán subvencionables aqueles gastos aos que se fixera referencia no orzamento presentado coa solicitude de subvención e, en todo caso, exclusivamente polos conceptos indicados na base 4ª.

En todo caso, a xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa estrutura da conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 que conterá:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión de subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Memoria económica xustificativa dos custes da actividades realizadas.

De acordo co artigo 81 do Real decreto 887/2006 establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación de subvencións. A tal efecto, as entidades beneficiarias achegarán a seguinte documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos :

a) Declaración da persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria acreditativa da total realización da actividade subvencionada e da aplicación dos fondos destinados a tal fin. (anexo VII)

b) Declaración relativa ás subvencións obtidas doutros organismos ou entidades para a mesma finalidade, e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada (anexo VII)

c) Memoria de execución dos obxectivos, actividades e resultados acadados polo proxecto asinada pola persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria (anexo VIII).

d) Conta xustificativa do custo da/s actividade/s realizada/s que conterá: (anexo VII)

- Relación clasificada de gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.
- Facturas ou documento de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e documentación acreditativa de pago. O importe das facturas



deberá alcanzar o importe do orzamento presentado coa solicitude e, en base ao cal, se concedeu a subvención.

Toda factura conterá os requisitos esixidos no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación:

- Número e, no seu caso, serie.
- A súa data de expedición.
- Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.
- Número de identificación fiscal atribuído pola Administración tributaria española ou, no seu caso, pola de outro Estado membro da Unión Europea, co que realizou a operación o/a obrigado/a a expedir factura.
- Domicilio tanto do/a obrigado/a a expedir factura como do/a destinatario/a das operacións.
- Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base imponible do imposto, o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto de ditas operacións, así como calquera desconto ou rebaixa que non estea incluído en dito prezo unitario.
- Tipo/s impositivo/s, no seu caso, aplicado/s ás operacións.
- A cota tributaria que, no seu caso, se repercuta, deberá consignarse por separado.
- Data na que se efectuaron as operacións que se documentan ou na que, no seu caso, se recibise o pagamento anticipado, sempre que se trate de data distinta á da expedición da factura.
- No suposto de que a operación que se documenta na factura estea exenta do imposto, unha referencia ás disposicións correspondentes.

NON se admitirán as facturas que non reúnan as condicións anteriormente descritas.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do seu importe e procedencia.
- Declaración responsable sobre:
 - Que os gastos son reais e se aplicaron á finalidade subvencionada.
 - Que a entidade deu axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades subvencionadas, facendo constar na totalidade da publicidade ou actividade informativa que se realice por calquera medio que conta coa subvención do Concello de Lalín.

A factura orixinal será selada de xeito que quede acreditado que foi utilizada para a xustificación da subvención obtida pola entidade e, unha vez selada, será devolta á entidade solicitante. No selo farase constar o importe total da factura que se imputa á subvención concedida.



Martes, 28 de febreiro de 2023

Núm. 41

e) Xustificantes de pago das facturas utilizadas para a xustificación. Só se admitirán como xustificantes os pagos realizados mediante transferencia bancaria, polo que as facturas deberán acompañarse do correspondente xustificante de dita transferencia.

No caso de pagos por importe igual ou inferior a 300 euros admitirase o pago en metálico sempre e cando se faga constar na factura o selo do proveedor, a dilixencia de factura pagada e o nome, DNI e sinatura da persoa que dilixencie o cobro da mesma.

Nos pagos en efectivo deberá de acreditarse a imposibilidade material de efectuar o pago a través de entidade bancaria mediante declaración xurada, motivando dito extremo, por parte da persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria.

Aqueles xustificantes de pago achegados que non cumpran cos requisitos indicados NON serán admitidos para a xustificación da subvención.

f) No suposto de que a/s factura/s sexa de persoa/s física/s que prestan servizos retribuídos a entidade beneficiaria ten a obriga de efectuar a retención correspondente do IRPF e achegará o correspondente modelo xustificativo de ter realizado o ingreso de dita retención na Axencia Tributaria.

g) Os pagos de persoal retribuído coa súa pertinente retención xustificárase a través de nóminas acompañadas da relación nominal de traballadores/as e do recibo de liquidación de cotizacións así como o comprobante bancario de pagamento de todos os conceptos.

f) Resolución de inscrición no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, en caso de que non fose presentado coa solicitude.

Os gastos de aloxamento, manutención e desprazamentos admitiranse só cando garden relación directa coa actividade e sexan necesarios para esta. A suma dos gastos de manutención e aloxamento non poderán superar na xustificación o 20% da subvención concedida ou do total da suma das subvencións obtidas para o mesmo fin.

Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial, e NON serán admitidos aqueles que non teñan relación directa coa actividade subvencionada.

No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento subvencionado e do importe da subvención concedida aboarase a totalidade da subvención e para o suposto de que se xustifique gasto inferior ao 100% aboarase a parte proporcional da mesma.

Unha vez xustificadas os gastos non se aboará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.

No en tanto, previa solicitude debidamente motivada e excepcionalmente, se o órgano competente para a súa aprobación o considera oportuno poderase acordar motivadamente o pagamento anticipado de ata o 80% da subvención, debendo achegarse no prazo máximo de 3 meses os documentos xustificativos do gasto realizado, en todo caso, antes da data límite de



xustificación estipulada en esta base. Para acordar o pagamento anticipado a entidade solicitante deberá de acreditar insuficiencia de recursos para levar a cabo a/s actividade/s subvencionada/s.

Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán acreditar estar ao corrente das súas obrigas fiscais, coa Seguridade Social e co Concello de Lalín.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo máximo de dez días para a súa corrección e, de non cumprirse este requisito dentro do prazo sinalado e sempre que se acredite o cumprimento da finalidade, o importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos correctamente xustificados, aplicando o coeficiente de financiamento.

O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade beneficiaria da subvención.

14.-REINTEGRO.

Son causas de reintegro da subvención, xunto cos intereses de demora correspondentes dende o momento do seu pago, as establecidas no Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

15.-RESPONSABILIDADES E RÉXIME SANCIONADOR.

As entidades beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia .

16.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

En cumprimento do Regulamento da Unión Europea 2016/679, sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes na materia, infórmase que:

RESPONSABLE: O Concello de Lalín é o responsable dos datos persoais facilitados polas entidades e asociacións solicitantes.

FINALIDADE: A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto de estas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da/s actividade/s subvencionada/s e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas en orde á conclusión do proceso de subvencións.

DESTINATARIOS: Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.



Martes, 28 de febreiro de 2023

Núm. 41

LEXITIMACIÓN: A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais.

DEREITOS: As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro-Concello de Lalín-. Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo : dpd@lalin.gal.

17.- NORMA FINAL.

Para os supostos non previstos nas presentes bases serán de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o seu regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2023, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Lalín, na data de sinatura dixital

M^a Paz Pérez Asorey

Concelleira de Política Social

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: XHWEVWJ38EFHGT

